

4.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 1: Explicamos unha experiencia

Actividade 1

Enunciado: No seguinte texto, rodea os substantivos **comúns e subliña os **propios**.**

O primeiro **anuncio** do **día** veu cun clarear de **brétema** na **liña** do **horizonte**; e sobre a **brétema** pálida brillou **Venus**, con **furor** de **astro** que sabe curto o seu **reinado**. Axiña cantaba o **galo**. Despois, os **porcos** gruñiron arredor da **poza**. Entón acordou o **Carliños**, abaneou a **cabeza** no **brandor** laúdo da **montura** que lle servía de **almofada**, refregou os **ollos**, incorporouse, e respirou fondo o **frescor** da **amañecida**.

Xavier ALCALÁ

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os substantivos dun texto e clasifícaos correctamente en propios e comúns.	Identifica case todos os substantivos dun texto e clasifícaos correctamente en propios e comúns.	Identifica a metade dos substantivos dun texto e comete erros ao clasificalos en propios e comúns.	Identifica menos da metade dos substantivos dun texto e comete máis erros que acertos ao clasificalos en propios e comúns.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto de forma fluída.

Identifica substantivos.

Diferencia entre substantivos propios e comúns.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 2

Enunciado: Clasifica no cadro os seguintes substantivos: cadelas, cabalo, xitano, nai, bloques, xestos, barbas, beizos, fazula e bonecas.

	Masculino	Feminino
Singular	Cabalo, xitano	Nai, fazula
Plural	Bloques, xestos, beizos	Cadelas, barbas, bonecas

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Clasifica correctamente todos os substantivos polo seu xénero, número e clase.	Comete menos de tres erros ao clasificar os substantivos polo seu xénero, número e clase.	Comete tantos erros como acertos cando clasifica os substantivos polo seu xénero, número e clase.	Comete máis erros que acertos ao clasificar os substantivos polo seu xénero, número e clase.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica substantivos polo seu xénero, número e clase.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 3

Enunciado: Escribe estas oracións en feminino.

- O meu tío ten un gato negro e un cabalo marrón. **A miña tía ten unha gata negra e unha egua marrón.**
- O cazador disparou o león. **A cazadora disparou a leoa.**
- O doutor e o farmacéutico están contentos. **A doutora e a farmacéutica están contentas.**
- O fillo do campión vive en Lugo co seu avó. **A filla da campioa vive en Lugo coa súa avoa.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Non comete ningún erro ao cambiar o xénero dos substantivos das oracións.	Comete menos de catro erros ao cambiar o xénero dos substantivos das oracións.	Comete tanto acertos como erros ao cambiar o xénero dos substantivos das oracións.	Comete máis erros que acertos ao cambiar o xénero dos substantivos das oracións.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica substantivos polo seu xénero, número e clase.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 4

Enunciado: Localiza os substantivos do seguinte texto e analízalos segundo o exemplo.

Foi unha noite do día de Santiago. Na praza do Obradoiro esmorecían os últimos ecos dos fogos de lucería en honor do Santo. Unha marea de xente serpeaba polas ruelas da cidade deixando a praza solitaria e magnífica. Entón, como cada ano xacobeo, as pedras da catedral espreguizábanse dun soño vello e antigo e na intimidade da noite as figuras do Pórtico da Gloria, cobran vida.

Día: substantivo común, masculino singular. // Santiago: Substantivo propio. // Praza: substantivo común, feminino singular. // Obradoiro: Substantivo propio. // ecos: substantivo común, masculino plural. // fogos: substantivo común, masculino plural. // lucería: substantivo común, feminino singular. // honor: substantivo común, masculino singular. // Santo: Substantivo propio. // marea: substantivo común, feminino singular. // xente: substantivo común, feminino singular. // ruelas: substantivo común feminino plural. // cidade: substantivo común, feminino singular. // ano: substantivo común, masculino singular. // pedras: substantivo común feminino plural. // catedral: substantivo común, feminino singular. // soño: substantivo común, masculino singular. // intimidade: substantivo común, feminino singular. // figuras: substantivo común feminino plural. // Pórtico da Gloria: Substantivo propio. // vida: substantivo común, feminino singular.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os substantivos dun texto e clasifícalos correctamente segundo o seu xénero, número e clase.	Identifica case todos os substantivos dun texto e clasifícalos correctamente segundo o seu xénero, número e clase.	Identifica a metade dos substantivos dun texto e comete erros ao clasificalos segundo o seu xénero, número e clase.	Identifica menos da metade dos substantivos dun texto e non os clasifica correctamente segundo o seu xénero, número e clase.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Obtén a información dun texto.

Clasifica substantivos polo seu xénero, número e clase.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 5

Enunciado: Completa a túa axenda escolar co que farás nunha semana.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre realiza anotacións correctas na axenda e as escribe de forma correcta.	Case sempre realiza anotacións correctas na axenda e as escribe de forma correcta.	Cústalle realizar anotacións correctas na axenda e as escribilas de forma correcta.	Non realiza anotacións correctas na axenda nin as escribe de forma correcta.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece a función da axenda.

Realiza anotacións correctas na axenda.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 6

Enunciado: Copia as oracións poñendo as comas e os puntos necesarios.

- Os días que teño natación son os luns, martes, xoves e venres.
- O meu pai naceu en Sárdoma, unha parroquia de Vigo.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Non comete ningún erro na colocación dos puntos e as comas.	Comete un erro na colocación dos puntos e as comas.	Comete dous ou tres erros na colocación dos puntos e das comas.	Comete máis de tres erros na colocación dos puntos e das comas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica os usos do punto.
Coñece a aplica os usos da coma.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia para aprender a aprender
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 7

Enunciado: Escribe o número de sílabas das seguintes palabras: gato, cabalo, man, señora, cabaciña, calcetín, can, tella.

1	2	3	4
Man, can	Gato, tella	Cabalo, señora, calcetín	cabaciña

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Clasifica correctamente todas as palabras segundo o seu número de sílabas.	Clasifica correctamente todas as palabras segundo o seu número de sílabas.	Cústalle clasificar correctamente todas as palabras segundo o seu número de sílabas.	Non clasifica correctamente ningunha palabra segundo o seu número de sílabas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica palabras segundo o seu número de sílabas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 8

Enunciado: Completa.

O **narrador** é quen conta unha historia de forma oral ou escrita.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece perfectamente función do narrador dun texto.	Coñece, con bastante exactitude, a función do narrador dun texto.	Coñece, de xeito deficiente, a función do narrador dun texto.	Non coñece a función do narrador dun texto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica o narrador dun relato.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 9

Enunciado: Fai de narrador e conta o verán que pasaches.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Narra peripecias en primeira persoa con coherencia e corrección ortográfica.	Narra peripecias en primeira persoa con bastante coherencia e corrección ortográfica.	Narra peripecias en primeira persoa con bastantes erros na coherencia e corrección ortográfica.	Non é quen de narrar peripecias en primeira persoa con coherencia e corrección ortográfica.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica o narrador dun relato

Narra peripecias.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 10

Enunciado: Escribe dous substantivos en singular e dous en plural e fai unha oración con cada un.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Non comete ningún erro á hora escribir substantivos que se acomoden a unhas características dadas e escribir oracións coherentes con eles.	Case non comete ningún erro á hora escribir substantivos que se acomoden a unhas características dadas e escribir oracións coherentes con eles.	Comete bastantes erros á hora escribir substantivos que se acomoden a unhas características dadas e escribir oracións coherentes con eles.	Non é capaz de escribir substantivos que se acomoden a unhas características dadas nin de escribir oracións coherentes con eles.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica substantivos polo seu xénero, número e clase.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 11

Enunciado: Completa.

Os **substantivos** son palabras que nomean persoas, animais ou cousas.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece perfectamente a función dos substantivos.	Coñece, con bastante exactitude, a función dos substantivos.	Coñece, de xeito deficiente, a función dos substantivos.	Non coñece a función dos substantivos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica substantivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 12

Enunciado: Pon en feminino plural estas palabras.

Can **cadelas**

Touro **vacas**

Porco **porcas**

Cabalo **eguas**

Coello **coellas**

irmán **irmás**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Non comete ningún erro á hora de modificar o xénero e o número dos substantivos.	Comete dous erros á hora de modificar o xénero e o número dos substantivos.	Comete tantos erros como acertos á hora de modificar o xénero e o número dos substantivos.	Comete máis erros que acertos á hora de modificar o xénero e o número dos substantivos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica substantivos polo seu xénero, número.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 14

Enunciado: Pon os puntos e as comas que faltan no texto.

Cando abrín o caixón da esquerda, comprobei que a miña busca finalizará. Alí, gardadas nun coqueto álbum de tapas dun vermello decolorado, estaban as fotos que amosaban a vida da avoa Rosalía antes de casar.

Agustín FERNÁNDEZ PAZ

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Non comete ningún erro na colocación dos puntos e as comas.	Comete un erro na colocación dos puntos e as comas.	Comete dous ou tres erros na colocación dos puntos e as comas	Comete máis de tres erros na colocación dos puntos e as comas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras de uso do punto.

Coñece e aplica as regras de uso da coma.

Le un texto de forma fluída.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 15

Enunciado: Completa.

O **punto e coma** sinala unha pausa maior ca a da coma pero menor ca a do punto.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece perfectamente as regras de uso do punto e coma.	Coñece, con bastante exactitude, as regras de uso do punto e coma.	Coñece, de xeito deficiente, as regras de uso do punto e coma.	Non coñece as regras de uso do punto e coma.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica os usos do punto e coma.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 16

Enunciado: Di que é o que está mal na seguinte axenda.

Non aparece a data do exame nin as unidades que entran no exame.

Non pon a páxina dos exercicios.

Non indica o que pasa o martes.

Mala letra.

Escribiu “miércoles” en vez de “mércores”.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Localiza todos os erros nas anotacións dunha axenda.	Localiza case todos os erros nas anotacións dunha axenda.	Cústalle recoñecer os erros nas anotacións dunha axenda.	Non é quen de indicar os erros nas anotacións dunha axenda.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Realiza anotacións correctas na axenda.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 17

Enunciado: Escribe o que se solicita:

Unha palabra monosílaba: _____

Unha palabra trisílaba: _____

Unha palabra bisílaba: _____

Unha palabra polisílaba: _____

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente todas as palabras co número de sílabas indicado.	Comete un erro á hora de escribir correctamente todas as palabras co número de sílabas indicado.	Comete entre dous e tres erros á hora de escribir correctamente todas as palabras co número de sílabas indicado.	Non escribe correctamente ningunha palabra co número de sílabas indicado.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica palabras segundo o seu número de sílabas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 18

Enunciado: Escribe unha oración na que haxa unha palabra polisílaba, unha oración con dúas palabras trisílabas e unha oración cunha palabra trisílaba e dúas bisílabas.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente todas as palabras co número de sílabas indicado e crea oracións coherentes con elas.	Escribe correctamente case todas as palabras co número de sílabas indicado e crea oracións coherentes con elas.	Escribe con dificultade as palabras co número de sílabas indicado e cústalle crear oracións coherentes con elas.	Non escribe correctamente as palabras co número de sílabas indicado nin crea oracións coherentes con elas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica palabras segundo o seu número de sílabas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencias en conciencia e expresións culturais